Roberto Fernández Rico (1 para 1)
Alcalde de Ribeira de Piquín
Data de Sinatura: 17/07/2019
HASH: 07ffa4b7d7daa70110d8e1000e7a6308

Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

BONO AUTÓNOMOS

O martes día 2 de xullo de 2019 saíu publicada no DOG a orde sobre as axudas do Programa do bono das persoas autónomas.

BENEFICIARIOS

Persoas traballadoras autónomas que cumpran os seguintes requisitos:

- Residir e ter domicilio fiscal en Galicia.
- Ter unha antigüidade de máis de 42 meses como autónomo.
- Ter un rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declarados na declaración do IRPF anual inferior a 30.000 euros e unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído, declarados no ano anterior.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

- **Servizos:** investigación de mercado, plan de márketing, plan de comunicación, plan estratéxico do negocio, plan de crecemento, plan de reorientación do negocio, plan de uso de novas tecnoloxías, plan de refinanciamento.
- **Investimentos:** compra de maquinaria, útiles ou ferramentas; reforma do local do negocio, equipos informáticos, rótulos, aplicacións informáticas e páxinas web, creación do logotipo do negocio, mobiliario.

CONTÍA

A contía da subvención será do **80% da actuación subvencionable, cun límite máximo de 3.000 euros.**

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será de **1 MES**, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 17 de xullo de 2019.
O Alcalde.
Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE